- Supera as probas extraordinarias pertencentes a actividades de avaliación por perda do dereito a avaliación continua.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os criterios de cualificación serán os mesmos aplicados durante o curso. As actividades realizaranse, na medida do posible, o máis próximas á avaliación, e con elas tratarase que o alumno asimile os contidos e capacidades que non logrou acadar no seu momento.

A recuperación das avaliacións suspensas en canto a probas e exames escritos farase mediante un único exame escrito no que terá que acadar a nota mínima de 5 sobre 10, podendo ter este exame cuestións, pretuntas a desenrolar, cálculos, realización de supostos practicos. etc.

Unha vez finalizada a 3ª avaliación e durante o mes de xuño, resérvase un período de tempo, programando a recuperación de actividades prácticas, traballos ou exames escritos,...

Probas prácticas: realización de forma suficiente de montaxes prácticas, no que a nota será como mínimo de 5 puntos sobre 10.

Probas teóricas: comprobación do coñecemento dos contidos mínimos de cada unha das unidades didácticas non superadas (por non presentalos ou por non superar a nota mínima) farase mediante un novo traballo no que terá que acadar a nota mínima de 5 sobre 10.

De non ter superado o módulo no período de recuperación do mes de xuño dispón dunha última oportunidade na proba extraordinaria, no que se terán en conta as mesmas consideracións que na proba do período ordinario.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que acade un número de faltas de asistencia sen xustificar >10% da duración total do módulo (36 sesións) perderá o dereito a ser avaliado de forma continua en cada trimestre, tendo que realizar unha proba extraordinaria durante o período reservado para actividades de recuperación no mes de xuño e que constará de dúas partes que combinen os contidos conceptuais e procedimentais:

1ª Parte: PROBA TEÓRICA que versará sobre os contidos de cada unha das unidades formativas do currículo do módulo.

2ª Parte: PROBA PRÁCTICA de realización de montaxes a escoller entre as realizadas durante o curso, e os informes memoria de cada unha.

A primeira parte da proba celebrarase nun único día; a segunda parte poderá durar máis dun día. Superar a primeira parte da proba posibilita ó alumno a realización da segunda parte. En ambas as dúas partes deberá acadar unha nota mínima de 5 co que terá superado o módulo, resultando a nota final da aplicación dos seguintes pesos: proba escrita (35%), montaxe (50%) e informe memoria (15%).

Este alumnado será informado durante o último trimestre do lugar, partes e materiais necesarios para a realización desta proba.



## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No artigo 22 da Orde do 16 de Xulio de 2002 DOGA nº 177 de 13 de setembro dispónse:

Artigo 22º.-Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.

1. O profesorado, ademais das aprendizaxes dos alumnos, avaliará os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos educativos do currículo. Igualmente, avaliará os elementos da programación docente e do proxecto curricular de ciclo que se indican a seguir:

- a) Oportunidade da selección, distribución e secuenciación dos contidos ó longo dos módulos profesionais/materias.
- b) Idoneidade dos métodos pedagóxicos empregados e dos materiais didácticos propostos para uso dos alumnos.
- c) Adecuación dos criterios de avaliación.
- d) Resultados das medidas de atención á diversidade adoptadas.

Para a avaliación da programación empregárase como recurso o Plan de Calidade implantado no colexio. Así, a avaliación farase en distintos momentos ao longo do curso, contando cos seguintes instrumentos :

- a) Libro de aula: seguimento da programación semanal.
- b) Reunións mensuais do equipo docente: informarase do desenvolvemento da programación e as posibles incidencias.art 23
- c) Acta de avaliación da programación didáctica: Realízase trimestralmente por seminarios, analizando a temporalización da programación e propostas de mellora cara o vindeiro trimestre.
- d) Memoria final : Realízase ao final de curso e tomárase como base para a programación da materia para o vindeiro curso.
- e) Avaliación da propia actividade docente: Será realizada polos alumnos ao finalizar o curso seguindo o procedemento descrito no plan de calidade.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Unha vez pechado o prazo de matrícula, o equipo docente, xunto co responsable do Departamento de Orientación, celebrará unha xuntanza para coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, cos datos recollidos durante as primeiras sesións.

Realízase unha avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo. Observárase ao alumnado nas próximas semanas do curso e emítase un informe para o/a titor/a. Éste recabará os informes individualizados do alumnado repetidor, así como información de estudos académicos, dos ditames específicos do alumnado con discapacidades de calquera tipo, con nee, etc, e da

experiencia profesional previa. A avaliación inicial, en ningún caso, levará consigo, cualificación para o alumnado.

En base a esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con adaptacións en elementos non prescriptivos do currículo; é dicir, a secuencia de contidos, forma e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos de alumnos e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que, trala avaliación inicial, se detecte necesidades de reforzo educativo, adaptaranse aqueles aspectos do proceso de ensinanza-aprendizaxe susceptibles de modificación (tarefas, recursos, espazos, tempos, modalidade de avaliación..) que permitan ao alumnado a adquisición dos RA do módulo, requisito imprescindible para a superación do módulo.

Naqueles casos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE) que non acade os obxectivos mínimos, establécense as medidas de reforzo desta programación e que consistirán na realización de actividades propostas que podan ser efectuadas de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do profesor.

Ademais, para o alumnado con altas capacidades, propóñense unha serie de tarefas de ampliación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A ensinanza dos valores é unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de todas as etapas educativas. De feito, os valores que se comentan a continuación, intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo, incorporando no seu traballo diario actitudes e comportamentos de acordo aos seguintes temas:

Favorecer a igualdade entre homes e mulleres, así como a integración do alumnado con discapacidade, a través de actividades interactivas e colaborativas, non só transmisivas.

Fomentar o respecto mutuo, a igualdade de trato e a liberdade de pensamento.

Educación para a convivencia. Fomentarse o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos.

Educación para a saúde. Resaltarase a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.

Educación para a paz. Fomentarse a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas, etc.

Educación do consumidor. Traballarase unha actitude crítica e responsable fronte ó consumo e os mecanismos do mercado.

Educación non sexista. Identificaranse aqueles trazos sexistas da lingua, resolvendo a discriminación mediante as formas adecuadas.

Educación ambiental. A través da visualización de vídeos reflexionárase sobre problemas medioambientais e as posibles solucións. Facendo fincapé na adecuada eliminación de materiais e compoñentes electrónicos así como o seu reciclaxe. Seguindo as normativas vixentes.

Educación vial. Fomentáranse condutas e hábitos de seguridade vial encamiñados a facer un uso correcto da vía pública.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Participárase nas actividades complementarias e extraescolares deseñadas tanto polo departamento, como polo centro.

Posibilidade de visitas a diferentes empresas, aulas didácticas, exposicións, etc.

## 10. Outros apartados

### 10.1) COVID19

A actual situación sanitaria nos obriga a planificar a nosa Programación atendendo ós 3 escenarios nos que nos podemos atopar ó longo do curso, en función das instrucións recibidas das autoridades sanitarias.

Os 3 escenarios son:

- Docencia 100% presencial
- Docencia 100% telemática no caso de que confinen o noso grupo
- Docencia semipresencial misturando as clases presenciais coas telemáticas

En primeiro lugar indicar que para módulos eminentemente prácticos como o de Instalacións eléctricas e domóticas, calquera situación que impida a asistencia do alumnado ás aulas e a realización de montaxes, manipulación de ferramentas e materiais, as experiencias que proporciona a realización individual dos traballos... complica moitísimo a asimilación dos contidos e a consecución da aprendizaxe.

Opción 100% presencial: Contémplase como a opción ordinaria atendendo a planificación da actual programación.

Opción 100% telemática: No caso dun confinamento total sen dispor da posibilidade de acceder ás aulas a vehiculización da aprendizaxe quedaría limitada a realización de exercicios, proporcionados e recibidos unha vez finalizados, a través da Aula Virtual do instituto. Nalgún caso moi concreto recurrirase a utilización de software de simulación de circuitos para achegar un pouco máis ó alumnado á realización "práctica" das montaxes. En todo caso esta situación queda totalmente condicionada a que o noso alumnado dispoña no seu domicilio das ferramentas necesarias para a súa realización (ordenador, conexión wifi, software necesario...) No seguimento da programación recolleranse as correspondentes adaptacións definindo os contidos non impartidos nesta situación.

Docencia semipresencial: Esta situación obrigará a realizar unha mistura entre as 2 anteriores opcións. Sempre que o alumnado se atope na aula focalizaríamos o traballo na execución de montaxes, probas,



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

resolución de avarías, etc... deixando as tarefas escritas, actividades, realización de memorias ou preparación de conceptos de tipo teórico para realizar nas súas casas, novamente este traballo fora do instituto xestionarase grazas a Aula Virtual que servirá de contacto co alumnado, proporcionando documentación e recollendo os traballos realizados. No seguimento da programación recolleranse as correspondentes adaptacións definindo os contidos non impartidos nesta situación.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CBELE11	Electricidade e electrónica	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3014	Instalacións de telecomunicacións	2023/2024	9	205	246

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JACOB SEIJAS CAL,ROI OTERO ALONSO (Subst.)
Outro profesorado	ROI OTERO ALONSO

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación didáctica está realizada para o desenvolvemento das ensinanzas do módulo profesional de Instalacións de Telecomunicacións código MP3014 do Título Profesional Básico en Electricidade e Electrónica pertencente a familia profesional de Electricidade e Electrónica, con unha duración de 205 horas.

O perfil do Título Profesional Básico en Electricidade e electrónica desenrola as seguintes cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais:

### Completas

ELE255\_1: Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios.

- UC0816\_1: Realizar operacións de montaxe de instalacións eléctricas de Baixa Tensión e domóticas en edificios.
- UC0817\_1: Realizar operacións de montaxe de instalacións de Telecomunicacións.

ELE481\_1: Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de equipos eléctricos e electrónicos.

- UC1559\_1: Realizar operacións de ensamblaxe na montaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos.
- UC1560\_1: Realizar operacións de conexión na montaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos.
- UC1561\_1: Realizar operacións auxiliares no mantemento de equipamentos eléctricos e electrónicos.

### Incompletas

IFC361\_1: Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de sistemas microinformáticos.

- UC1207\_1: Realizar operacións auxiliares de montaxe de equipamentos microinformáticos.

Os Contidos Básicos (BC) son os seguintes:

- BC1. Selección dos elementos de instalacións de telecomunicación.
- BC2. Montaxe de canalizacións, soportes e armarios nas instalacións de telecomunicación.
- BC3. Montaxe de cables nas instalacións de telecomunicación.
- BC4. Montaxe de equipamentos e elementos das instalacións de telecomunicación.
- BC5. Iniciativa emprendedora na instalación de telecomunicacións.

Os Resultados de Aprendizaxe (RA) dos contidos do módulo son os seguintes:

- RA1. Selecciona os elementos que configuran as instalacións de telecomunicacións, identificando e describindo as súas principais características e a súa funcionalidade.
- RA2. Monta canalizacións, soportes e armarios en instalacións de infraestruturas de telecomunicacións en edificios, interpretando os esbozos da instalación, seguindo as normas de seguridade persoal e dos

materiais utilizados.

- RA3. Monta cables en instalacións de telecomunicacións en edificios, aplicando as técnicas establecidas, e verifica o resultado.
- RA4. Instala elementos e equipamentos de instalacións de infraestruturas de telecomunicacións en edificios para a recepción e a distribución de sinais de radio e televisión, telefonía e sistemas de vixilancia e videoporteiros), aplicando as técnicas establecidas, e verifica o resultado.
- RA5. Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da instalación de telecomunicacións.

O IES Ribeira do Louro atópase no concello de O Porriño na provincia de Pontevedra, está localizado nas aforas do seu núcleo urbán e a dirección do mesmo é: Rúa Ribeira, s/n - Torneiros.

O instituto atópase a uns 3 Km do centro de Porriño polo que para chegar ao mesmo precísase de transporte propio ou ben hai que facer uso de autobús urbano ou interurbano dependendo da localización do alumnado. Destacar que compartimos oferta deste ciclo de electrónica cos seguintes centros:

- IES Ricardo Mella (Vigo) 11km
- IES Pedro Floriani (Redondela) 17,4km
- IES Pedra da Auga (Ponteareas) 18,1km
- CPR Daniel Castelao (Vigo) 18,2km
- IES Politécnico de Vigo (Vigo) 18,6km
- CPR San Miguel (Vigo) 18,7km
- IES Antón Alonso Ríos (Tomiño) 24,9km

Deles soamente 5 son públicos e ofertamos 98 plazas cada curso para todo o alumnado potencial pertencente a comarca na que nos atopamos.

O tecido industrial de Vigo e da súa área metropolitana é rico en procesos productivos principalmente nos sectores do automóvil, naval e conserveiro ademais das súas numerosas auxiliares... conforman un entorno no que os técnicos que acaden a titulación do ciclo básico no que está encadrado este módulo poidan atopar unha saída profesional, no eido dunha empresa de montaxe e mantemento de instalacións electrotécnicas de edificios, vivendas, oficinas, locais comerciais e industriais, desempeñando unha das seguintes ocupacións:

- Operario/a de instalacións eléctricas de baixa tensión.
- Axudante/a de montador/ora de antenas receptoras de televisión e satélites.
- Axudante/a de instalador/ora e reparador/ora de equipamentos telefónicos e telegráficos.
- Axudante/a de instalador/ora de equipamentos e sistemas de comunicación.
- Axudante/a de instalador/ora reparador/ora de instalacións telefónicas.
- Peón da industria de produción e distribución de enerxía eléctrica.
- Axudante/a de montador/ora de sistemas microinformáticos.



- Operador/ora de ensamblaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos.
- Auxiliar de mantemento de equipamentos eléctricos e electrónicos.
- Probador/ora axustador/ora de placas e equipamentos eléctricos e electrónicos.
- Montador/ora de compoñentes en placas de circuíto impreso.

O perfil profesional do título profesional básico en Electricidade e Electrónica, dentro do sector terciario, evoluciona cara á especialización na instalación e no mantemento de infraestruturas de telecomunicacións, sistemas de seguridade, redes, domótica, telefonía, son e equipamentos informáticos.

No sector das instalacións eléctricas prevese un forte crecemento na demanda de instalacións automatizadas, tanto domóticas como industriais, de instalacións solares fotovoltaicas e de infraestruturas de telecomunicacións en edificios de vivendas e do sector terciario, manténdose estable nas instalacións electrotécnicas.

O desenvolvemento de novas tecnoloxías está a facer posible o cambio de materiais e equipamentos para lograr unha maior eficiencia enerxética e de seguridade eléctrica de previsible implantación obrigatoria nos próximos anos.

As empresas nas que exercen a súa actividade as persoas con esta titulación tenden a delegar nelas funcións e as responsabilidades, e obsérvase a preferencia por un perfil polivalente cun alto grao de autonomía e de capacidade para a toma de decisións, para o traballo en equipo e para a coordinación con persoal instalador doutros sectores.

As estruturas organizativas tenden a configurarse sobre a base de decisións descentralizadas e equipos participativos de xestión, potenciando a autonomía e a capacidade de decisión.

As características do mercado de traballo, a mobilidade laboral e a apertura económica obrigan a formar profesionais polivalentes capaces de se adaptar ás novas situacións socioeconómicas, laborais e organizativas do sector.

A concreción do currículo na presente programación realizarase tendo en conta estas demandas do sector de cara a adecuar a formación dos alumnos ás características do ámbito productivo.





**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				
					301400				
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 5
1	A persoa emprendedora	Nesta UD coñeceremos as virtudes dun emprendedor e os riscos de montar un negocio	12	5					X
2	Elementos en instalacións de telecomunicacións	Nesta UD coñeceremos os tipos de instalacións de telecomunicacións dos edificios, as súas partes e os seus principais elementos	62	25	X				
3	As canalizacións nos edificios	Nesta UD aprenderemos a montar tubos e outros tipos de canalizacións presentes nos edificios	62	25		X			
4	Cableamento de instalacións de telecomunicacións	Nesta UD aprenderemos a instalar os cables para atender ós diferentes servizos de telecomunicacións nos edificios	62	25			X		
5	Equipamentos para as telecomunicacións	Nesta UD aprenderemos a montar e por en funcionamento os equipos de telecomunicacións	48	20				X	
Total: 246									

**4. Por cada unidade didáctica**

**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	A persoa emprendedora	12

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da instalación de telecomunicacións	SI

**4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar as actitudes que precisa un emprendedor	1	A persoa emprendedora	12,0
1.2 Recoñecer os riscos de montar un negocio			
2.1 Realizar a avaliación trimestral	2	Actividade de avaliación trimestral. Parte da UD1	0,0
<b>TOTAL</b>			<b>12</b>

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Caracterízase o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para a instalación de telecomunicacións	• PE.1 - Tarefas e/ou exames	N	40
CA5.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na instalación de telecomunicacións	• PE.2 - Tarefas e/ou exames	N	20
CA5.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa instalación de telecomunicacións	• PE.3 - Tarefas e/ou exames	S	40
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.1.e) Contidos**

Contidos
A persoa emprendedora na instalación de telecomunicacións.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na instalación de telecomunicacións.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa instalación de telecomunicacións.

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A persoa emprendedora - Identificaranse e describiranse as características e riscos dunha persoa emprendedora	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación dos contidos</li> <li>• Proposta de tarefas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Toma de apuntamentos</li> <li>• Búsqueda e análise de información</li> <li>• Resolución das tarefas propostas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exercicios e cuestionarios resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno de aula</li> <li>• Medios audiovisuais, libro de texto, presentacións e información web</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1 - Tarefas e/ou exames</li> <li>• PE.2 - Tarefas e/ou exames</li> <li>• PE.3 - Tarefas e/ou exames</li> </ul>	12,0
Actividade de avaliación trimestral. Parte da UD1			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exames resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exames</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1 - Tarefas e/ou exames</li> <li>• PE.3 - Tarefas e/ou exames</li> </ul>	0,0
<b>TOTAL</b>						<b>12,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Elementos en instalacións de telecomunicacións	62

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona os elementos que configuran as instalacións de telecomunicacións, identificando e describindo as súas principais características e a súa funcionalidade	SI

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os elementos que configuran as instalacións de telecomunicacións	1	Elementos en instalacións de telecomunicacións	62,0
1.2 Utilizar as novas tecnoloxías para consultar as características de elementos e equipamentos			
2.1 Realizar a avaliación trimestral	2	Actividade de avaliación trimestral. Parte da UD2	0,0
<b>TOTAL</b>			<b>62</b>

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os tipos de instalacións relacionados coa infraestrutura común de telecomunicacións en edificios	• PE.1 - Exercicios e cuestionarios sobre ICTs	S	8
CA1.2 Identifícanse os equipamentos e os elementos utilizados nas instalacións de telecomunicación en edificios (fontes de alimentación, amplificadores, centrais, monitores, cámaras, videoproteiros, etc.) e describiuse a súa función principal	• PE.2 - Exercicios e cuestionarios sobre equipamentos e elementos das instalacións de telecomunicacións	S	8
CA1.3 Identifícanse os elementos (canalizacións, cableamentos, antenas, armarios, caixas, etc.) dunha instalación de infraestrutura de telecomunicacións dun edificio, a partir de catálogos e/ou elementos reais	• PE.3 - Exercicios e cuestionarios sobre os elementos dunha ICT	S	8
CA1.4 Identifícanse os tipos de condutores (par de cobre, cable coaxial, fibra óptica, etc.) e indicouse a súa aplicación nas instalacións, de acordo coas súas características	• PE.4 - Exercicios e cuestionarios sobre os tipos de condutores	S	8
CA1.5 Identifícase a tipoloxía das caixas (registros, armarios, racks, caixas de superficie, de encaixar, etc.), en función da súa aplicación	• PE.5 - Exercicios e cuestionarios sobre os tipos de caixas	N	8
CA1.6 Identifícanse os tipos de fixacións (tacos, bridas, parafusos, porcas, grampas, etc.) de canalizacións e equipamentos	• PE.6 - Exercicios e cuestionarios sobre os tipos de fixacións	N	8
CA1.7 Identifícanse os sistemas de fixación requiridos para cada elemento que cumpra suxeitar	• PE.7 - Exercicios e cuestionarios sobre os sistemas de fixación	N	8
CA1.8 Utilizáronse catálogos técnicos	• TO.1 - Utilización de catálogos técnicos para identificar os tipos e características dos elementos en instalacións de telecomunicacións	N	7
CA1.9 Axustouse a subministración dos elementos da instalación co ritmo de execución desta			0
CA1.9.1 Identifícanse os elementos, ferramentas e materiais auxiliares precisos para a execución da instalación	• PE.8 - Exercicios e cuestionarios sobre os elementos, ferramentas e materiais auxiliares precisos para a execución da instalación	N	7

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.10 Realizáronse todas as operacións tendo en conta a normativa de seguridade laboral e de protección ambiental	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.2 - Aplicación das medidas de seguridade e de protección ambiental necesarias durante as operacións propostas</li> </ul>	S	10
CA1.11 Transmítiuse a información con claridade, de xeito ordenado e estruturado	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Tomar apuntamentos e resolver exercicios no caderno de aula</li> </ul>	N	10
CA1.12 Mantívose unha actitude ordenada e metódica	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.3 - Manter unha actitude ordenada e metódica na realización das operacións propostas</li> </ul>	N	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Instalacións de telefonía e redes locais: características. Medios de transmisión. Equipamentos: centrais, hub, switch, router, etc.
Instalacións de infraestruturas de telecomunicación en edificios: características. Medios de transmisión. Equipamentos e elementos.
Instalacións básicas de megafonía e sonorización: tipos e características. Difusores de sinal. Cables e elementos de interconexión. Equipamentos: amplificadores, reprodutores, gravadores, etc.
Instalacións de circuíto pechado de televisión: características. Cámaras. Monitores. Equipamentos de procesamento de sinal.
Instalación de antenas: tipos e características.

**4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Elementos en instalacións de telecomunicacións - Utilizaranse catálogos e outra documentación técnica para identificar os elementos que configuran as instalacións de telecomunicacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación dos contidos</li> <li>Proposta de tarefas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Toma de apuntamentos</li> <li>Búsqueda e análise de información</li> <li>Resolución das tarefas propostas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios e cuestionarios resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Caderno de aula</li> <li>Medios audiovisuais, libro de texto, presentacións e información web</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1</li> <li>PE.1</li> <li>PE.2</li> </ul>	62,0



ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.3</li> <li>• PE.4</li> <li>• PE.5</li> <li>• PE.6</li> <li>• PE.7</li> <li>• PE.8</li> <li>• TO.1</li> <li>• TO.2</li> <li>• TO.3</li> </ul>	
Actividade de avaliación trimestral. Parte da UD2			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exames resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exames</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• PE.3</li> <li>• PE.4</li> <li>• PE.5</li> <li>• PE.6</li> <li>• PE.7</li> <li>• PE.8</li> </ul>	0,0

<b>TOTAL</b>	<b>62,0</b>
--------------	-------------

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	As canalizacións nos edificios	62

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Monta canalizacións, soportes e armarios en instalacións de infraestruturas de telecomunicacións en edificios, interpretando os esbozos da instalación, seguindo as normas de seguridade persoal e dos materiais utilizados	SI

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Adquirir destrezas na montaxe de tubos, caixas e armarios aplicando as técnicas establecidas	1	As canalizacións nos edificios	62,0
1.2 Respetar as normas de seguridade e de protección ambiental			
2.1 Realizar a avaliación trimestral	2	Actividade de avaliación trimestral. Parte da UD3	0,0
<b>TOTAL</b>			<b>62</b>

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse nun esbozo do edificio ou dunha parte do edificio os lugares de colocación dos elementos da instalación	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Exercicios e cuestionarios sobre os lugares de colocación dos elementos das instalacións de telecomunicacións</li> </ul>	N	7
CA2.2 Identifícanse as fases típicas de montaxe dun rack e marcouse a localización dos elementos			0
CA2.2.1 Identifícanse as fases típicas de montaxe dun rexistro de telecomunicacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Exercicios e cuestionarios sobre as fases típicas de montaxe dun rexistro de telecomunicacións</li> </ul>	N	4
CA2.2.2 Marcouse a localización dos elementos nun rexistro de telecomunicacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Marcar a localización dos elementos nun rexistro de telecomunicacións</li> </ul>	N	3
CA2.3 Determináronse as técnicas de suxeición e fixación de tubos, canalizacións, equipamentos e elementos das instalacións mediante tacos e parafusos, abrazadeiras, grampas, bridas, fixacións químicas, etc., e marcouse a localización dos elementos			0
CA2.3.1 Identifícanse as técnicas de suxeición e fixación de tubos, canalizacións, equipamentos e elementos das instalacións mediante tacos e parafusos, abrazadeiras, grampas, bridas, fixacións químicas, etc.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Exercicios e cuestionarios sobre as técnicas de suxeición e fixación de elementos</li> </ul>	N	4
CA2.3.2 Marcouse a localización de tubos, canalizacións, equipamentos e elementos das instalacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.2 - Marcar a localización dos elementos das instalacións</li> </ul>	N	3
CA2.4 Selecciónanse as ferramentas necesarias en cada caso, en función da súa aplicación	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Seleccionar as ferramentas necesarias na montaxe de canalizacións</li> </ul>	S	7
CA2.5 Preparáronse os ocros para a colocación de caixas e canalizacións			0
CA2.5.1 Identifícanse as técnicas para a preparación de ocros para a colocación de caixas e canalizacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - Exercicios e cuestionarios sobre as técnicas aplicables para a preparación de ocros</li> </ul>	N	7
CA2.6 Preparáronse e/ou mecanizáronse as canalizacións e as caixas	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.3 - Preparar e mecanizar as canalizacións e as caixas</li> </ul>	S	7
CA2.7 Realízase a curvaxe de tubos de PVC, metálicos e outros	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.4 - Curvar tubos</li> </ul>	N	7
CA2.8 Realízanse unións de tubos e canalizacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.5 - Unir tubos e canalizacións</li> </ul>	N	7
CA2.9 Montáronse canalizacións, caixas, tubos, etc., asegurando a súa fixación mecánica	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.6 - Montar canalizacións</li> </ul>	N	7
CA2.10 Montáronse os armarios (racks)			0
CA2.10.1 Montáronse os armarios ou rexistros de telecomunicacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.7 - Montar armarios e rexistros de telecomunicacións</li> </ul>	N	7
CA2.11 Aplícanse normas de seguridade no uso de ferramentas e equipamentos	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - Aplicar normas de seguridade durante as operacións</li> </ul>	S	10



**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.12 Realizáronse os traballos con orde, limpeza e calidade, respectando as normas de seguridade e protección ambiental	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.2 - Realizar os traballos propostos con orde, limpeza e calidade, respectando as normas de seguridade e protección ambiental</li> </ul>	S	10
CA2.13 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.3 - Operar con autonomía, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica na montaxe de canalizacións</li> </ul>	N	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Características e tipos das canalizacións: tubos ríxidos e flexibles, canles, bandexas, soportes, etc.  Preparación e mecanizado de canalizacións.  Técnicas de montaxe de canalizacións e tubos.  Características e tipos das fixacións. Técnicas de montaxe.  Medios e equipamentos de seguridade.

**4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
As canalizacións nos edificios - Montaranse canalizacións, soportes e armarios	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación dos contidos</li> <li>Proposta de tarefas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Toma de apuntamentos</li> <li>Búsqueda e análise de información</li> <li>Resolución das tarefas propostas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios e cuestionarios resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Caderno de aula</li> <li>Medios audiovisuais, libro de texto, presentacións e información web</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1</li> <li>OU.2</li> <li>OU.3</li> <li>OU.4</li> </ul>	62,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.5</li> <li>• OU.6</li> <li>• OU.7</li> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• PE.3</li> <li>• PE.4</li> <li>• PE.5</li> <li>• TO.1</li> <li>• TO.2</li> <li>• TO.3</li> </ul>	
Actividade de avaliación trimestral. Parte da UD3			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exames resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exames</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• PE.3</li> <li>• PE.4</li> <li>• PE.5</li> </ul>	0,0
<b>TOTAL</b>						<b>62,0</b>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Cableamento de instalacións de telecomunicacións	62

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Monta cables en instalacións de telecomunicacións en edificios, aplicando as técnicas establecidas, e verifica o resultado	SI

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Adquirir destrezas na montaxe de cables aplicando as técnicas establecidas	1	Cableamento de instalacións de telecomunicacións	62,0
1.2 Respetar as normas de seguridade e de protección ambiental			
2.1 Realizar a avaliación trimestral	2	Actividade de avaliación trimestral. Parte da UD4	0,0
<b>TOTAL</b>			<b>62</b>

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Realizouse o aprovisionamento dos condutores empregados segundo o tipo de instalacións de telecomunicacións (radio, televisión, telefonía, etc.): cables de pares, cable coaxial e fibra óptica			0
CA3.1.1 Identifícanse os condutores a empregar segundo o tipo de instalacións de telecomunicacións (radio, televisión, telefonía, etc.): cables de pares, cable coaxial e fibra óptica	• PE.1 - Exercicios e cuestións sobre os tipos de condutores	S	12
CA3.2 Selecionouse a guía pasacables máis adecuada en función do tipo de canalización			0
CA3.2.1 Identifícanse os tipos de guías pasacables en función do tipo de canalización	• PE.2 - Exercicios e cuestións sobre os tipos de guías	N	10
CA3.3 Identifícanse os tubos e os seus extremos	• OU.1 - Identificar os extremos dos tubos	N	8

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.4 Introduciuse a guía pasacables no tubo	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - Introducir a guía pasacables no tubo</li> </ul>	N	8
CA3.5 Suxeitouse adecuadamente o cable á guía pasacables de xeito progresivo	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.2 - Suxeitar adecuadamente o cable á guía pasacables</li> </ul>	N	8
CA3.6 Tirouse da guía pasacables evitando que se solte ou se dane o cable	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.3 - Tirar da guía pasacables</li> </ul>	N	8
CA3.7 Cortouse o cable deixando unha lonxitude adecuada en cada extremo	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.2 - Cortar o cable</li> </ul>	S	8
CA3.8 Etiquetouse o cable seguindo o procedemento establecido	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.3 - Etiquetar o cable</li> </ul>	N	8
CA3.9 Aplicáronse normas de seguridade no uso de ferramentas e equipamentos	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.4 - Aplicar normas de seguridade durante as operacións</li> </ul>	S	10
CA3.10 Realizáronse os traballos con orde, limpeza e calidade, respectando as normas de seguridade e protección ambiental	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.5 - Realizar os traballos propostos con orde, limpeza e calidade, respectando as normas de seguridade e protección ambiental</li> </ul>	S	10
CA3.11 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.6 - Operar con autonomía, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica no cableamento</li> </ul>	N	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Características e tipos de condutores: cable coaxial, de pares, fibra óptica, etc.  Técnicas de tendido dos condutores.  Identificación e etiquetaxe de condutores.  Medios e equipamentos de seguridade.

**4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Cableamento de instalacións de telecomunicacións - Montaranse cables a través de canalizacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación dos contidos</li> <li>• Proposta de tarefas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Toma de apuntamentos</li> <li>• Búsqueda e análise de información</li> <li>• Resolución das tarefas propostas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exercicios e cuestionarios resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno de aula</li> <li>• Medios audiovisuais, libro de texto, presentacións e información web</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1</li> <li>• OU.2</li> <li>• OU.3</li> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• TO.1</li> <li>• TO.2</li> <li>• TO.3</li> <li>• TO.4</li> <li>• TO.5</li> <li>• TO.6</li> </ul>	62,0
Actividade de avaliación trimestral. Parte da UD4			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exames resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exames</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> </ul>	0,0
<b>TOTAL</b>						<b>62,0</b>

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Equipamentos para as telecomunicacións	48

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Instala elementos e equipamentos de instalacións de infraestruturas de telecomunicacións en edificios para a recepción e a distribución de sinais de radio e televisión, telefonía e sistemas de vixilancia e videoporteiros), aplicando as técnicas establecidas, e verifica o resultado	SI

**4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Instalar e verificar o funcionamento dos equipos de telecomunicacións	1	Equipamentos para as comunicacións	48,0
1.2 Respetar as normas de seguridade e de protección ambiental			
2.1 Realizar a avaliación trimestral	2	Actividade de avaliación trimestral. Parte da UD5	0,0
<b>TOTAL</b>			<b>48</b>

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Ensabláronse os elementos que consten de varias pezas	• OU.1 - Ensamblar os elementos dun equipamento	S	10
CA4.2 Identificouse o cableamento en función da súa etiquetaxe ou das cores	• PE.1 - Exercicios e cuestións sobre a etiquetaxe e cores dos cables	S	10
CA4.3 Situáronse os equipamentos ou elementos (antenas, amplificadores, etc.) no seu lugar	• OU.2 - Colocar os equipamentos no seu lugar	S	10
CA4.4 Fixáronse os equipamentos ou elementos (antenas, amplificadores, etc.)	• OU.3 - Fixar os equipamentos	N	10
CA4.5 Conectouse o cableamento cos equipamentos e cos elementos, asegurando un bo contacto	• OU.4 - Conectar o cableamento	S	10

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.6 Colocáronse os embelecedores, as tapas e os elementos decorativos	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.5 - Colocar embelecedores</li> </ul>	N	10
CA4.7 Determináronse as posibles medidas de corrección en función dos resultados obtidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Exercicios e cuestións sobre axuste de equipamentos</li> </ul>	N	10
CA4.8 Aplicáronse normas de seguridade, no uso de ferramentas e equipamentos	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - Aplicar normas de seguridade durante as operacións</li> </ul>	S	10
CA4.9 Realizáronse os traballos con orde, limpeza e calidade, respectando as normas de seguridade e protección ambiental	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.2 - Realizar os traballos propostos con orde, limpeza e calidade, respectando as normas de seguridade e protección ambiental</li> </ul>	S	10
CA4.10 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.3 - Operar con autonomía, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica na montaxe de equipamentos</li> </ul>	N	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Instalación e fixación de equipamentos en instalacións de telecomunicación. Técnicas de fixación: en armarios e en superficie. Normas de seguridade. Técnicas de montaxe de antenas de radio e televisión. Técnicas de conexións dos condutores. Instalación e fixación de tomas de sinal. Riscos en altura. Medios e equipamentos de seguridade.

**4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
